

# O latín dos canteiros en Cabana de Bergantiños

## *Hewer's Latin in Cabana de Bergatiños*

Francisco Javier VARELA POSE

Universidad Complutense de Madrid  
*xavierverlapose@yahoo.es*

### RESUMO

O presente artigo pretende describir as características principais da xiria dos canteiros en Cabana de Bergantiños así como estabelcer relacións entre esta linguaxe, hoxe practicamente extinta, e as xirias dos canteiros doutras zonas de Galicia.

**PALABRAS CHAVE:** Pedra, canteiros, xíria, influxo vasco, orixe do latín.

VARELA POSE, F. J. (2004): «O latín dos canteiros en Cabana de Bergantiños», *Madrygal (Madr.)*. 7: 113-122.

### RESUMEN

El presente artículo pretende describir las características principales de la jerga de los canteros en Cabana de Bergantiños así como establecer relaciones entre este lenguaje, hoy prácticamente extinto, y las jergas de los canteros de otras zonas de Galicia.

**PALABRAS CLAVE:** Piedra, canteros, jerga, influencia vasca, origen latino.

VARELA POSE, F. J. (2004): «El latín de los canteros en Cabana de Bergatiños», *Madrygal (Madr.)*. 7: 113-122.

### ABSTRACT

The present article pretends to describe the main haracteristics of the hewer's latin in Cabana de Bergantiños and to establish links between this language, nowadays almost extinguised, and hewer's latins of another galician zones.

**KEY WORDS:** Stone, stonmeasons, slang, basque influence, latin origin.

VARELA POSE, F. J. (2004): «Hewer's latin in Cabana de Bergantiños», *Madrygal (Madr.)*. 7: 113-122.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. O latín de Cabana de Bergantiños. 3. Referencias bibliográficas.

A Antonio Pose Ures,  
mestre canteiro e  
posuidor dun fermosísimo galego

## 1. INTRODUCCIÓN

### *Longa noite de pedra.*

*O teito é de pedra.  
De pedra son os muros  
i as tebras.  
De pedra o chan  
i as reixas.  
As portas,  
as cadeas,  
o aire,  
as fenestras,  
as olladas  
son de pedra.  
Os corazóns dos homes  
que ao lonxe espreitan,  
feitos están  
tamén  
de pedra.  
I eu, morrendo  
nesta longa noite  
de pedra.*

Nestes versos, que a pluma do poeta cicelou coidadosamente, parece revelarse aquel son primixenio, orixe de todo o existente. Desde o máis sólido edificio ata as máis lenas das percepcións sensibéis, e mesmo os conceptos inefabéis, son convertidos pola voz de Celso Emilio Ferreiro en gardiáns do segredo dun Universo feito do máis perenne dos materiais: a pedra.

Desde tempos inmemoriais, a pedra foi considerada como símbolo da eternidade que o ser humano desexaba atinxir. A través da pedra parecían cumprirse as arelas de existencia perdurable do home, e tan só a pedra garantía manter indemne a pegada e a mensaxe que se deixaba ás xeracións vindeiras. Por este motivo, non é estraño que fose a pedra o elemento empregado nas grandes construcións nos tempos prehistóricos e na Antigüidade clásica. As inmensas moles do megalitismo respondían á necesidade de integración coa totalidade do Cosmos, templos de relixións perdidas, caso de Stonehenge; ou conformaban grandes cidades de pobos guerreiros como en Micenas ou en Mesopotamia. En pedra erguíanse os esveltos edificios públicos das polis gregas e cidades maias; e en pedra decidiron os faraóns que fosen esculpidos os seus cadaleitos dentro das pirámides, como última morada terre-

al e eterna estancia no alén. Pero, máis que simples testemuñas silentes do paso do tempo, as pedras de tódolas épocas falan, e fano porque xa o home primitivo se decatou de que sería na superficie da pedra onde mellor perdurarían as manifestacións materiais do seu espírito. Así, tanto as pinturas rupestres como a relación das victorias dos emperadores romanos, pasando polas modestas inscricións sepulcrais, foron pintadas, gravadas ou esculpidas na pedra. Mesmo hoxe en día seguimos a empregar a pedra para deixar constancia do noso paso polo mundo. Pódese dicir que a historia da humanidade está escrita, ou inscrita, na pedra.

Galicia non é unha excepción, antes ao contrario, pode ser posta como exemplo de como, ao longo das idades, os poboadores dun territorio foron espaxando sinais da súa existencia utilizando a pedra como instrumento e materia. A nosa terra amosa magníficos vestixios desa cultura pétreo: os dolmens e castros como os de Dombate, Borneiro, Axeitos, Baroña, etc., que evocan remotas crenzas e xeitos de vida. Pétreas son as liñas curvas que debuxan a muralla romana de Lugo, de pedra os mosteiros e igrexas do Románico espallados polo país; arte románica que logra o seu cume no Pórtico da Gloria da catedral compostelá, catedral que continuará a enriquecerse coa pedra do Barroco. Tamén humilde, a pedra atopa unha nova maneira de facerse arte nos cruces que viñían cada corredoira e camiño de Galicia, atalaias caladas, esas cruces de pedra que tan ben describebela Castelao.

A fala das pedras é misteriosa, e semella que elas mesmas agochan vezosamente ao artesán que as traballou transformándoas en verdadeiros símbolos dun período. Este artesán, omnipresente ao pé da pedra, é o canteiro. Denominación ésta que ben pode abranguer desde os descoñecidos moradores dos castros ata os anónimos escultores das últimas décadas. Estes traballadores deixaron impresas na pedra rastros e signos que aínda hoxe permanecen sen descrifrar. Enigmáticas inscricións que nuns casos compoñen imaxes cun sentido que descoñecemos. Mostra desta afirmación son algúns dos petroglifos de Mogor que non gardan unha relación demostrable co entorno natural; e noutros casos represéntanse signos cun referente tamén ignorado, como nas lápidas da igrexa de Santa María de Noia, lápidas con gravados crípticos cos que os maestros canteiros que os labraron quixeron transmitir algo que a nós nos resulta intelixible. En moitas igrexas os bloques de pedra aparecen cunha marca como se cada pedreiro qui-

xese deixar cadansúa sinatura. Estamos fronte a trazas de carácter moi diferente, pero en tódolos casos é evidente a existencia dun sinal para coñecermos mellor o noso pasado.

Prescindindo das marcas máis antigas, é para nós salientable o feito de existiren nos traballos dos canteiros inscricións, en certo modo crípticas, a partir da Idade Media. É nestes séculos, e moi destacadamente co desenvolvemento do camiño de Santiago, cando se produce un crecemento na construción de templos cristiáns longo da vía xacobeá. Galicia como final do camiño contempla como, desde os vales ata as rías, medran as igrexas e mosteiros en grande número. Máis tarde, moitas das igrexas románicas serán substituídas ou modificadas por influencias das correntes barrocas ou neoclásicas. Para tan inxente labor precisábase de mestres que soubesen traballar a pedra, e así xorde a figura dun artesán que terminará por conseguir, nalgunhas ocasións, un meritorio recoñecemento. Estes traballadores contemplan como o seu traballo esixe unha organización cada vez máis complexa, as obras necesitan de moitas mans para poderense levar a bo termo, e comezan a organizarse xerárquicamente: aparecerán oficiais, axudantes e aprendices. Deste xeito, os canteiros toman conciencia da importancia que ten o seu labor na sociedade do seu tempo. Consecuencia deste proceso é a creación dos gremios artesanais, entre os que se encontra, posiblemente co maior prestixio, o gremio dos canteiros.

Pouco a pouco pertencer ao gremio foise convertendo nun privilexio ao que non todo o mundo podía acceder. Os coñecementos da técnica e o saber que gardaba cada mestre só debían ser transmitidos aos iniciados na profesión. Estes procedementos transformaron o gremio dos canteiros, e os gremios doutras profesións, en colectivos pechados. Este carácter restritivo servía por unha banda, para que os membros dos gremios puidesen defender mellor os seus dereitos ante os gobernantes e os contratistas, isto lográbase grazas á forte cohesión interna do gremio; doutra banda, favorecía a configuración duns procedementos case litúrxicos para chegar a formar parte da agrupación e para manterse nela. Uns dos elementos que, sen dúbida, favoreceu esta cohesión foi o emprego dunha xíria propia. Esta xíria permitía aos canteiros transmitir os seus coñecementos de xeración en xeración baixo unha atmosfera de máximo secretismo, evitaba a entromisión de persoas alleas á profesión, e fortalecía os lazos de camaradería entre os membros do

gremio. En épocas posteriores este carácter arcaico provocou que se asociase coa masonería. Esta xíria, que moi ben puido nacer ao abeiro das construcións da sociedade medieval, e que moi probablemente se evoluiu ao mesmo tempo que se ían consolidando as linguas románicas ibéricas, esta xíria, dicimos, mantívose viva ata os nosos días.

## 2. O LATÍN EN CABANA DE BERGANTIÑOS

Cabana de Bergantiños, concello situado no fondo da ría de Corme e Laxe, na Costa da Morte, non é precisamente coñecido por ser terra de canteiros, pero neste lugar os artesáns da pedra desenvolvían o seu labor en diversas construcións, desde un valado ata unha vivenda. Seguramente non existiron aquí grandes agrupacións de canteiros, pero sí se formaron cuadrillas para efectuaren obras que precisaban dun certo número de operarios. Os canteiros de Cabana mantiveron tamén a xíria, coñecida aquí como *o latín* ou *o ghalrrucio*.

Hoxe en día, os traballos de cantería desta zona, teñen lugar en talleres que non gardan ningunha relación cos primitivos medios de aprender a profesión, o sentido antigo de colectividade perdeuse completamente, e o mesmo oficio de canteiro é desenvolvido por profesionais da construción que non limitan o seu coñecemento ao saber de labrar a pedra. A transmisión tradicional dos coñecementos técnicos xa non é a mesma que outrora, tampouco se mantén a identificación coa profesión, nin é preciso o emprego dunha fala distintiva, e ao mesmo tempo secreta, que os artesáns sintan como propia e exclusiva. Estes son algúns dos factores que provocaron que neste concello a fala dos *muradores* permaneza tan só nas memorias de ben poucas persoas.

Na procura de materiais entre os artesáns que antigamente se adicaron a este labor, atopamos dous informadores en terras cabanesas, concretamente nas parroquias de Borneiro e O Esto. Individuos de idade avanzada, xa que como podemos comprobar, os canteiros de menor idade xa non chegaron a empregar o *latín*, tan só o sentiron falar aos veteranos no oficio, ou posúen referencias indirectas do mesmo. Da nosa pesquisa resultou un inventario de 47 vocabulos que reproducimos na seguinte táboa:

Malia a ser un número reducido de palabras permitíranos realizar unha breve análise da fala

Táboa 1

<i>Latín de Cabana</i>	<i>Galego</i>	<i>Latín de Cabana</i>	<i>Galego</i>
<i>Areona</i>	Vaca	<i>Ghandelo</i>	Pan
<i>Arría</i>	Pedra	<i>Ghichar</i>	Foder, fornicar
<i>Aureta</i>	Auga	<i>Ghomarreira/-o</i>	Galiña / galo
<i>Bai</i>	Sí, vale.	<i>Ghindazo</i>	Comida
<i>Bate</i>	Par	<i>Ghranxo</i>	Ceo
<i>Belbo</i>	Burro, cabalo	<i>Luncerna</i>	Porta
<i>Belo</i>	Cabalo	<i>Mougha</i>	Broa
<i>Cachoa</i>	Cabeza	<i>Moughar</i>	Comer
<i>Caicoa</i>	Igrexa	<i>Murador</i>	Canteiro
<i>Calcurrio</i>	Zapateiro	<i>Murear</i>	Traballar
<i>Carrelo</i>	Espalda	<i>Nácoras</i>	Patacas
<i>Chacurro</i>	Can	<i>Napurra</i>	Raposo, gato
<i>Chicre / chicle</i>	Café	<i>Paruar</i>	Estar, haber
<i>Chiolo</i>	Carro	<i>Paraxido</i>	Deforme, eivado
<i>Ciba</i>	Casa	<i>Rufo</i>	Lume
<i>Costanco</i>	Hórreo, cabazo	<i>Xais</i>	Cartos, diñeiro
<i>Cota</i>	Muller, dona, ama de casa	<i>Xamba</i>	Perna
<i>Escaino</i>	Muño	<i>Xandusco</i>	Sol
<i>Ferruxeiro</i>	Ferreiro	<i>Xebo</i>	Vello
<i>Ferruxo</i>	Martelo	<i>Xerpe/xerpelo</i>	Caldo
<i>Fiañeiro</i>	Roupa	<i>Xosca</i>	Prostituta, puta
<i>Ghalrrucio</i>	Língua dos canteiros, conversa	<i>Xoula</i>	Cama
<i>Ghandeleiro</i>	Panadeiro	<i>Zaspear</i>	Cobrar
		<i>Zoina</i>	Crego

A grafía <gh> indica o fenómeno da gheada.

dos canteiros en Cabana. Ademais deste pequeno vocabulario un dos nosos informantes facilitounos un par de frases formando parte dun diálogo:

- ¿Cantos zoinas parúan na caicoa?
- Bate e sedio.
- ¡Ah!, bai, bai.

A traducción ó galego sería:

- ¿Cantos cregos hai na igrexa?.
- Par e medio.
- ¡Ah!, vale, vale.

Naturalmente, é lóxico pensar, que este *ghalrrucio* era compartido non só polos canteiros de Cabana senon tamén polos dos concello veciños como Ponteceso, Laxe, Coristanco, Zas, Vimianzo ou Malpica. Aínda que non posuímos datos directos destes municipios, as relacións entre canteiros duns e doutros era corrente e coincidían xuntos nalgúnhas construcións.

Observando a lista de vocábulos dada, decatáronos axiña da presenza dalgúns termos que gardan semellanza ou identidade fonética con palabras ou expresións da lingua basca: *arría*/harri

«pedra»; *chacurro*/txakur «can»; *aureta*/ur «auga»; *caicoa* «igreja»/Jaungoiko «Deus» en euskera; *bai* «sí»; *bate*/batoi «par»/«pares»; *belo* «cabalo»/beho «égua». Esta identidade ou semellanza entre palabras xa foi estudada nas xirias gremiais de canteiros doutras zonas de Galicia, especialmente na provincia de Pontevedra. A presenza destes termos e expresións achegadas ás do euskera remite ao problema da orixe desta xiria. Julio Ballesteros Curiel estudou a xiria dos canteiros da provincia de Pontevedra (Ballesteros, 1919), o *verbo dos arginas*, como se lle chama naquelas comarcas. Afirmo con rotundidade que esta xiria procede dos primeiros poboadores de Galicia, establecendo relacións con nomes basco-íberos. Este autor sostén que a raza basco-íbera asentouse en Galicia, e que posuía esta xiria que logo pasou a ser empregada polos canteiros. Detalla tamén a presenza de palabras do euskera no *latín* da zona que el investigou e asegura que esta xiria constitúe a raíz das xirias doutros gremios.

Fronte a esta opinión, debemos rescatar a proposta doutros estudiosos, entre os que se encontra o profesor Filgueira Valverde. Estes consideran que se trata dunha linguaxe gremial que recibiu aportacións da lingua basca. Pon por caso o dos

grupos de canteiros de Trasmiera, aos que se chamaba *viscaíños* pola súa procedencia. Pénsase que traballaron na reconstrucción das torres derrubadas durante as Guerras Irmandiñas no século XV, e que tamén colaboraron no levantamento de pazos, igrexas, mosteiros e outros monumentos de Galicia. No ano 1961, Xosé María Álvarez Blázquez publicou un vocabulario recollido por José Arias Teijeiro y Correa ao redor do ano 1810, no que aparecían unhas sesenta e tres voces procedentes, posiblemente, dos lugares de Lérez e Xeve. José Sánchez Balsa debiu coñecer o traballo de Teijeiro y Correa e escribiu unha carta a Nicolás Bazares Abeledo, párroco de Santiago de Morillas (Campo Lameiro), interesándose polo *latín* dos canteiros. Na contestación, ademais de numerosos vocábulos proporcionados por canteiros de Cuntis, Montes, Cotobade e outros lugares, o crego sinala a súa crenza de que a xiria dos canteiros foi tomada por éstos dos biscaíños cos que compartían o oficio na comarca, e que estando xuntos nas grandes obras que se realizaron no departamento de Ferrol, baixo os reinados de Fernando VI e Carlos III, o seu particular código comunicativo estaba moi extendido.

Descoñecemos en que baseou Bazares Abeledo as súas afirmacións históricas sobre o *latín* en tempos de Fernando VI e Carlos III, o certo é que constitúe unha teoría máis que sitúa ao euskera na orixe da xiria dos *muradores*.

Moi crítico con esta opinión do padre Bazares móstrase Feliciano Trigo Díaz. Este investigador do *verbo* pontevedrés defende que a xiria dos alí chamados *arxinas* ou *arginas*, non só tomou préstamos do euskera senón tamén doutras linguas: do francés (por exemplo: certos pronomes posesivos, calcos dos pronomes átonos galos *moi* e *toi*), do italiano (p. ex., *xamba*, «perna» do it. *gamba*); infórmanos sobre outros préstamos do portugués, do latín e do mesmo galego. Desta maneira, Trigo Díaz rexeita a opinión dunha masiva aportación de léxico basco ó *verbo* e considera que a xiria foise formando con múltiples influencias. Indirectamente nega o ligame cunha primitiva lingua prerrománica de carácter pangalaico que se mantéña viva no *verbo*, establece, eso sí, relacións con outras xirias de canteiros de Portugal e Cantabria. As semellanzas do *verbo dos arginas* de Pontevedra e as xirias de canteiros do norte luso é moi destacable.

Os postulados de Ballesteros, nos que aparece esa raza basco-íbera como primeira poboadora de Galicia que tería legado a súa lingua prerrománica aos canteiros, parecen máis ben herdanza do idealismo decimonónico que configuraba relacións en-

tre raza, espírito, pobo e lingua. Esta mesma teoría dunha lingua prerrománica que ocuparía gran parte da Península Ibérica é unha das teses que se defende como orixe da lingua basca. O que fai Ballesteros coas súas ideas, de xeito voluntario ou involuntario, é estender a presenza do euskera ou dunha lingua basco-íbera ata o territorio galego.

Estas son as posturas principais en torno á orixe e formación do *verbo*, que podemos facer extensibles ao *ghalrrucio dos muradores* de Cabana en virtude das comparacións que imos analizar de seguida. Sexa a que for a posible fonte desta xiria, é importante e curiosa a presenza destes termos de procedencia basca. Ademais debemos subliñar, por ser un detalle relevante, o feito de os canteiros se referiren ao obxecto principal da súa actividade, a pedra, cunha palabra euskera: *arria* ou *arria*. Parece razoable pensar na longa convivencia de canteiros bascos e galegos ao longo de décadas, e mesmo de séculos, para explicarmos o devandito influxo.

Outra das cuestións que debemos analizar arredor da fala dos canteiros cabaneses é a súa relación coas falas dos canteiros doutras zonas de Galicia, o que nos porá en situación de afirmar ou negar a existencia dunha xiria común á totalidade do territorio galego.

Pontevedra, terra de tradición de canteiros por excelencia, é o territorio onde se teñen realizado as máis profundas e detalladas investigacións sobre esta xiria. Non é esta fala a única que caracteriza a unha profesión. Temos testemuñas de que tamén tiñan xirias propias outras corporacións gremiais: os albaneis, os telleiros, o *barallete* dos afiadores ourensáns, os cesteiros e incluso os músicos de Celanova. O *latín* dos canteiros é o máis estudado pola súa extensión (Ballesteros cifraba o número de falantes en máis de vinte mil no ano 1919), e porque aínda segue a ser empregado polos canteiros pontevedreses.

O termo *latín* para referirse ao seu falar proporciona información do carácter oculto co que se transmitía de mestres a aprendices. Se non se coñece con maior rigor esta linguaxe, e dende hai máis tempo, é debido por unha banda, á resistencia dos falantes a comunicar os segredos da xiria, e por outra, á prohibición por parte do gremio de difundir o *verbo* ás persoas alleas á profesión. Co pasar dos anos as corporacións fóronse facendo máis permeables ás preguntas e así puidéronse elaborar abondosos vocabularios. O recente traballo de Trigo Díaz pretende dar a coñecer o *verbo* dos arginas non só aos investigadores e ao público en xeral, senón tamén aos propios aprendices de

canteiros que asisten a Escola de Cantería pontevedresa, para que coñezan en profundidade a riqueza léxica do verbo, a súa formación e relevancia histórica, e a súa importancia como código de comunicación entre os membros da profesión, nun tempo en que se corre o risco de perder un fenómeno lingüístico secular.

Coa finalidade de examinar as características do léxico do *ghalrrucio* de Cabana e o doutras zonas,

imos presentar unhas táboas comparativas do vocabulario da xerga dos canteiros cabaneses cos mesmos termos extraídos dunha obra xa antiga, a de Ballesteros de 1919, e doutra máis recente, a de Trigo Díaz de 1993.

Malia a distancia física entre as zonas en que se efectuaron as enquisas, e que estas últimas áchanse separadas no tempo por preto de cen anos, as voces gardan sorprendentes semellan-

**Táboa 2**

<i>Latín de Cabana, Galego</i>	<i>Vocabulario de Ballesteros</i>
<i>Areona</i> , «vaca»	<i>Ariona</i>
<i>Arría</i> , «pedra»	<i>Arriark</i>
<i>Aureta</i> , «auga»	<i>Ureta</i> <i>Oreta</i>
<i>Bai</i> , «si», «vale»	<i>Bay</i>
<i>Bate</i> , «par»	<i>Batibe</i> , «dous»
<i>Belo/Belbo</i> , «cabalo», «burro»	<i>Belfo</i> , «cabalo» <i>Belba</i> , «égua»
<i>Caicoa</i> , «igreja»	<i>Keikoa</i> , «Deus» <i>Keiko</i> , «templo»
<i>Calcurrio</i> , «zapateiro»	<i>Calcurros</i> , «zapatos» <i>Calqueireiro</i> , «zapateiro»
<i>Chacurro</i> , «can»	<i>Chacurro</i> , «gato»
<i>Chioló</i> , «carro»	<i>Carrumboiro</i> , «carro de carga»
<i>Ciba</i> , «casa»	<i>Ciba</i>
<i>Fiañeiro</i> , «roupa»	<i>Afiañado</i> <i>Fiaño</i>
<i>Ghalrrucio</i> , «lingua dos canteiros», «coversa»	<i>Jalrrar</i> , «falar» <i>Galrrúa</i> , «lingua», «boca»
<i>Ghandeleiro</i> , «panadeiro» <i>Ghandelo</i> , «pan» <i>Ghindazo</i> , «comida»	<i>Gandir</i> , «comer»
<i>Ghomarreira/-o</i> , «galiña», «galo»	<i>Gumarreira</i>
<i>Luncerna</i> , «porta»	<i>Lucerna</i> , «cristal», «transparente»
<i>Mouga</i> , «broa»	<i>Mouga</i> , «pan», «todo alimento de fariña»
<i>Murador</i> , «canteiro»	<i>Muriente</i> , «obreiro», «traballador»
<i>Napurra</i> , «raposo»	<i>Perico</i>
<i>Paruar</i> , «estar», «haber»	<i>Parar</i> , «estar», «haber», «tener», «ser», «dar»
<i>Rufo</i> , «lume»	<i>Rufaleiro</i> , «luz», «chama», «calor», «resplendor» <i>Ruelfo</i> , «lume»
<i>Xerpe/Xerpelo</i> , «caldo»	<i>Xarabelo</i>

zas. Existen varios fenómenos que provocan que as solucións varíen dun repertorio ao outro. Como fenómenos de tipo fonético destaca a vacilación de vogais átonas que proporcionan realizacións diferentes (*areona, ariona; ghomarreira, gumarreira*), as variacións e reducións diptongais (*caicoa, keikoa; aureta > oreta, ureta*), os traslados acentuais (*arría, arriark*). Poden observarse tamén evolucións fonéticas históricas diverxentes que seguramente tiveron unha orixe común: a partir dun hipotético \**xarapelo*, teríamos en Cabana unha forma que perde a vogal pretónica, o cambio de a>e produciríase pola xa mencionada oscilación do vocalismo átono galego, e o manteñemento da bilabial oclusiva xorda; doutro lado estaría a forma que testemuña Ballesteros coa presenza da vogal pretónica e a conseguinte sonorización da bilabial intervocálica. O «j» utilizado por Ballesteros in-

dica con toda seguridade a pronunciación con gheada.

Fenómeno de carácter morfolóxico é a variación de certos afixos (*afiañado, fiañeiro, fiaño; murador, muriente*). Dende o punto de vista puramente léxico prodúcense interesantes traslados semánticos: as voces coa raíz *ghand-* en Cabana ten relación co pan, raíz que no vocabulario de Ballesteros forma *gandir* «comer», e que se achega á voz cabanesa *ghindazo* no que se tería producido unha metátese a-i>i-a. Pola súa parte, no *verbo* pontevedrés *mouga* é moito máis amplo semánticamente que o seu homófono cabanés no que se produce unha restricción semántica significando tan só «broa». Emprégase unha forma do galego estándar, *belfo*, como sinécdoque para referirse ao cabalo, e contamos cunha curiosa forma *calqueireiro*, «zapateiro», que presenta unha raíz que garda reminiscencias do latín *calcem* «talón».

Táboa 3

<i>Latín de Cabana, Galego</i>	<i>Vocabulario de Ballesteros</i>
<i>Areona</i> , «vaca»	<i>Areona/Ariona</i>
<i>Arría</i> , «pedra»	<i>Arria/Harriak/Aria</i>
<i>Aureta</i> , «auga»	<i>Oreta/Oureta</i>
<i>Bai</i> , «si», «vale»	<i>Bay/Vai</i>
<i>Bate</i> , «par»	<i>Bate</i> , «dous»
<i>Belo/Belbo</i> , «cabalo», «burro»	<i>Belbo/Belfo</i> , «cabalo»
<i>Cachoa</i> , «cabeza»	<i>Xabeca/Xabouca/Xambouca</i> <i>Cachoa</i> , «taza», «tella», «lousa»
<i>Caicoa</i> , «igrexia»	<i>Queicoa</i>
<i>Calcurrio</i> , «zapateiro»	<i>Calcurreiro</i> <i>Calcurrio</i> , «zapato»
<i>Chacurro</i> , «can»	<i>Chacurro</i>
<i>Chicle/Chicre</i> , «café»	<i>Xafoto/Rechouzo</i>
<i>Chiolo</i> , «carro»	<i>Chibro/Chirlo/Churro/Chulro, etc.</i>
<i>Ciba</i> , «casa»	<i>Ciba</i>
<i>Cota</i> , «muller», «dona», «ama de casa»	<i>Cota</i> , «dono», «xefe», «paisano», «amo»
<i>Escaino</i> , «muíño»	<i>Escaino</i>
<i>Ferruxeiro</i> , «ferreiro»	<i>Ferrallas/Caxeno, etc.</i>
<i>Ferruxo</i> , «martelo»	<i>Cotaz/Escantillón/Escurio, etc.</i>
<i>Ghalrrucio</i> , «lingua dos canteiros», «conversa»	<i>Galrrúa/Jalruanta</i>
<i>Ghandeleiro</i> , «panadeiro»	<i>Mougueleiro</i>
<i>Ghandelo</i> , «pan»	<i>Mouga, etc.</i>

Táboa 3 (continuación)

<i>Latín de Cabana, Galego</i>	<i>Vocabulario de Ballesteros</i>
<i>Ghomarreira/-o</i> , «galiña», «galo»	<i>Gomarreira/-o</i>
<i>Ghichar</i> , «foder», «fornicar»	<i>Quilar/Rusmar</i>
<i>Ghindazo</i> , «comida»	<i>Gandino/Jandizo/Gandizo</i>
<i>Ghranxo</i> , «ceo»	<i>Queicó/Ciba do kaicóo</i> , etc. <i>Granxo</i> , «grande»
<i>Mougha</i> , «broa»	<i>Guito taburdio</i> <i>Mouga</i> , «pan»
<i>Moughar</i> , «comer»	<i>Gandir</i>
<i>Murador</i> , «canteiro»	<i>Argina</i>
<i>Murear</i> , «traballar»	<i>Murear/Muriar</i>
<i>Nácoras</i> , «patacas»	<i>Curubelas/Xavoucas/Tarregoras</i> , etc.
<i>Napurra</i> , «raposo»	<i>Chacurro das gumarreiras/Estafador</i> <i>das gumarreiras/Perico</i>
<i>Napurra</i> , «gato»	<i>Catua/Chacurro/Marafaño/Xandoca</i> , etc.
<i>Paruar</i> , «estar», «haber»	<i>Paruar</i>
<i>Paraxido</i> , «deforme», «eivado»	<i>Cartulo</i>
<i>Rufo</i> , «lume»	<i>Rufo</i>
<i>Xais</i> , «cartos»	<i>Xais</i>
<i>Xamba</i> , «perna»	<i>Xamba</i>
<i>Xandusco</i> , «sol»	<i>Usca/Usqueiro/Nusca/Febo/Solano</i> , etc. <i>Xandusqueiro</i> , «ano» (tempo)
<i>Xebo</i> , «vello»	<i>Xebo</i>
<i>Xedio</i> , «medio»	<i>Xedio</i>
<i>Xerpe/Xerpelo</i> , «caldo»	<i>Xarpo/Xarpelo</i>
<i>Xosca</i> , «prostituta»	<i>Xosca</i>
<i>Xoula</i> , «cama»	<i>Xoula</i>
<i>Zaspear</i> , «cobrar»	<i>Xaspear</i>
<i>Zoina</i> , «crego»	<i>Zoina</i>

Trala observación desta segunda táboa comparativa, podemos comprobar que as coincidencias entre ámbolos dous inventarios son máis numerosas que na anterior. Aparecen fenómenos moi semellantes aos que xa estudiamos no cotexo precedente co vocabulario de Ballesteros: oscilacións do vocalismo átono, cambios de acento, emprego de distintos sufixos, convivencia de términos con gheada e sen ela, etc. A meirande parte dos vocabulos cabaneses contan cun correspondente idéntico no *verbo dos arginas* de Pontevedra, unha grande parte presenta tan só mínimas variacións de orde morfoloxía, e logo hai unha serie de termos que diverxen totalmente,

pero son minoría. Mentres que se dá a correspondencia entre *arría* e *arria/harria/aria*, resulta curioso que non exista tal identidade nunha ferramenta de uso indispensable para o canteiro, o martelo, de xeito que aparece *ferruxo* fronte á serie *cotaz/escantillón/escurio*. Igualmente difere o termo para referirse aos canteiros: *murador* (en estreito ligame co verbo *murear*, feito no que non podemos deixar de ver certa coherencia no *latín* cabanés), e do lado pontevedrés o coñecido *argina*. Repítense aquí as especiais relacións entre as raíces *mough-/moug* e *ghind-/gand-/ghand-* para denotar o campo semántico da comida e do pan.



Destacamos as seguintes palabras presentes nas dúas xirias pero con contidos semánticos distintos: *cota*, cun referente feminino na área bergantiñá e masculino na pontevedresa; *granxo*, «ceo» en Cabana e «grande» no *verbo*; e *cachoa*, «cabeza» no *ghalrrucio* cabanés, e polisémica no *verbo dos arginas*. Resulta tamén salientable a utilización dunha mesma raíz para definir dous termos que non teñen unha relación semántica inmediata: xandusco, «sol», e xandusqueiro «o tempo dun ano». Pero o noso coñecemento do mundo pode de xeito rápido establecer as conseguíntes relacións lóxicas entre ambas denominacións. Un certo halo de imaxe clásica rodea o emprego do termo mitolóxico *Febo* para referirse ao sol. Existen dúas palabras no latín de Cabana para as que non atopamos correspondencias no vocabulario de Ballesteros nin no de Trigo Díaz, sendo este moi amplo, son as voces carelo «espalda» e costanco «hórreo, cabazo».

Do analizado ata aquí podemos deducir que as semellanzas entre estes tres repertorios son abondosas. Non podemos asegurar a existencia dunha xiria única empregada por todos os canteiros galegos, pero parece razoable pensar que as diferenzas arriba expostas non ían dificultar a comunicación entre os artesáns dos distintos recunchos da nosa xeografía, mantendo sempre o secretismo do seu intercambio lingüístico.

Unha cousa debe quedar aclarada. Tódalas xirias teñen como base morfosintáctica e fonolóxica o sistema da lingua galega. Trigo Díaz xa afirma, referíndose ao *verbo de Avedra*, que «[...] a meirande parte da morfloxía colle as radiceiras da lingua galega [...]» (Trigo Díaz, 1993: pág. 34).

Isto é certo, pero salvo mínimas diferenzas de orde sintáctica e algunhas afectando aos numerais no *verbo dos arginas*, o resto dos grandes elementos do sistema da lingua seguen a preceptiva do galego: flexión nominal, desinencias verbais, artigos, preposicións, contraccións preposicionais, conxuncións, construcións hipotáticas e paratáticas, etc. Fonéticamente empréganse tódolos sons presentes no galego estándar, acomodándose a xiria ao dialecto usado en cada lugar. É por iso que esta linguaxe se ve afectada polos fenómenos da gheada e do seseo.

Desde estas liñas foi o noso propósito dar a coñecer os que, case con toda seguridade, constitúen os últimos vestixios da fala gremial dos canteiros en Cabana de Bergantiños. Congregación profesional que alcanzou gran prestixio nos seus días e que soubo protexer a súa identidade a través dunha das máis fermosas manifestacións do espírito humano: a inmensa e espontánea capacidade para crear un código propio de comunicación social. Se, como ocorre moitas veces, o único xeito que temos de chegar ao coñecemento do noso entorno é a través da palabra, merece o esforzo reparar na figura deses artesáns que co cicel e a pedra, crearon numerosas construcións ao longo do noso país, e que coa palabra recrearon, poboándoo con nomes novos, o mundo.

*Primeiro foi o mar, depóis a pedra  
forxando a súa codia baixo o vento  
i o lume orixinaes.*

*Gabanzas dos canteiros*  
Celso Emilio FERREIRO

### 3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Domingo (1965): *Jergas de Galicia*. Pontevedra.  
 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, José María (1961): *Vocabulario dos arginas*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.  
 BALLESTEROS CURIEL, Julio (1919): *Verbo dos arginas. Xerga-Latín de los canteros*. Filología y lingüística ibérica. Pontevedra: Publicaciones de la Biblioteca O'Juliel Becurí. Imprenta de Antúnez Hermanos.  
 FERNÁNDEZ POUSA, Ramón (1946-): *Diccionario del «Latín de los canteros»*. Finisterre, núms. 29 y 30. Pontevedra.  
 GARCÍA ALÉN, Alfredo (1955): *Vocabulario de los canteros de Pontevedra*. Pontevedra: «El Museo de Pontevedra».  
 TRIGO DÍAZ, Feliciano (1993): *O verbo dos arginas de Avedra. Xerga gremial dos canteiros de Pontevedra*. Pontevedra: Diputación Provincial, Escola de Canteiros de Pontevedra.

